



## GUÍA PARA A ELABORACIÓN E REXISTRO DO DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓN PREVIAS (DIP)

### QUEN PODE FACELO?

Calquera persoa maior de idade que estea capacitada e actúe libremente

### CONTIDO DO DOCUMENTO

*Decisións anticipadas acerca de:*

- Dos coidados e o tratamento da saúde.
- Destino do corpo e dos seus órganos, unha vez chegado o falecemento.

### PERSOA REPRESENTANTE

Poderase nomear a unha ou dúas persoas como **representante/s**, que serán **interlocutoras** co equipo sanitario para procurar o cumprimento das instrucións previas.

### DOCUMENTACIÓN A APORTAR

A persoa *outorgante* deberá traer o seu DNI/NIE en vigor.

### VÍAS DE FORMALIZACIÓN DO DOCUMENTO

Debe formalizarse mediante algún dos seguintes procedementos:

1. *Ante persoa funcionaria pública nas* Unidades Habilitadas de Instrucións Previas, situadas nas Unidades de Traballo Social Sanitario e na Xefatura Territorial de Sanidade.
2. *Ante tres testemuñas* maiores de idade e con capacidade de obrar, das cales, dous como mínimo, non pode ter relación de parentesco ta o segundo grado de consanguinidade o afinidade nin estar vinculadas a nivel patrimonial coa persoa outorgante (traer copias DNIs da testemuñas).
3. *Ante notario/a.* (Copia autenticada).

Nos casos **2** é **3**, terán que acudir a unha das Unidades habilitadas, que se detallan mais abaixo, para xestionar súa inclusión no Rexistro Galego de Instrucións Previas.

### FINALIDADE DO REXISTRO

O coñecemento da existencia do documento de instrucións previas aos profesionais que prestan a asistencia sanitaria e a consulta do mesmo, chegada a situación en que sexa necesario.

**O DIP ten efectos a nivel nacional, independentemente do lugar onde se realizou.**

### SOLICITUDE DE CITA PREVIA PARA INFORMACIÓN E REXISTRO

Por correo electrónico: [dip.coruna@sergas.es](mailto:dip.coruna@sergas.es)

Vía presencial ou telefónica nas Unidades que se expoñen a continuación:

### UNIDADES HABILITADAS-DIP

Servizo de Traballo social. Hospital Universitario A Coruña (HUAC)	Telf.: 981 17 80 05
Unidade de Traballo Social Marítimo de Oza 2º Andar	Telf.: 981 17 80 05
Persoa habilitada no C.E O Ventorrillo (1ª planta- bloque C-consulta 149)	Telf.: 981 17 80 05
Xefatura Territorial de Sanidade ) C/Duran Loriga n.º 3, 15003 A Coruña	Telf: 981 15 58 00
Unidade de Traballo Social. Hospital Virxe da Xunqueira-Cee	Telf.: 981 70 61 95